



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día dezasete de agosto de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA DEZASETE DE AGOSTO DE DOUS MIL ONCE.

Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Ricardo Rodicio González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as doce horas do día dezasete de agosto de dous mil once, e baixo a presidencia do primeiro Tenente de Alcalde en funcións de Alcalde, José Luís Maceda Vilarriño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello. Non comparece o Alcalde titular José Luís

Maceda Vilarriño.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día dezanove de xullo de dous mil once tras corrixi-lo erro producido no punto 3º da orde do día no relativo á licenza solicitada por D José Ramón López Parada que, onde di:

“3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiro, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de setecentos sesenta e oito euros con trinta e oito céntimos (768,38€) que obra no expediente.”

Debe dicir:

“3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiro, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de sesenta e nove euros con corenta e oito céntimos (69,48€) que obra no expediente.”

2º.- LICENZAS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude dos interesados e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D^{na}. Alsira Varley e D. David Russel Varley con pasaportes números 110.608.005 e 300.905.218 respectivamente para construír unha vivenda unifamiliar na parroquia de Piño (parcela 51 do polígono catastral 8).

2.- A execución das obras realizarase de acordo coas condicións que no seu informe establece o técnico municipal.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o ingreso previo nas arcas municipais do importe da liquidación por dous mil cento cincuenta e un euros con sesenta e catro céntimos (2.151,74€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as doce horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a oito de setembro de dous mil once.

v. e pr.

O Alcalde,

